

## Licenza de obra maior

### Descrición

Este tipo de licenza implica a autorización municipal para a realización de actos de edificación ou uso de solo, como por exemplo:

- Obras de nova planta (construción de edificacións: edificios, naves ou vivendas)
- Ampliación de edificacións ou instalacións de todas as clases existentes.
- Modificacións ou reforma de edificacións existentes que supoñan rehabilitación, reconstrución ou reestruturación.
- Modificación do aspecto exterior de edificios ou instalación de todas as clases existentes.
- Modificación da disposición interior de edificios se afectan ás súas instalacións xerais.
- Derruba de construcións...

### Documentación necesaria

Documentación que hai que achegar coa solicitude de obra maior:

Con carácter xeral (consultar os casos de derrubas e naves)

1. Solicitude
2. Fotocopia do documento de identidade do solicitante. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia de poder para representalo.
3. Plano de situación da cartografía municipal (escala 1:2000) marcando a parcela ou casa.
4. 1 copia do proxecto técnico visado, no que se incluírá (agás derrubas), xustificante do redactor do proxecto sobre as condicións de habitabilidade.
5. 1 copia proxecto técnico de seguridade e saúde no traballo.
6. En edificacións colectivas presentarase Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións asinado e visado por técnico competente.
7. Oficios de dirección de obra.
8. Cuestionarios de estatística de edificacións.
9. Fotos da parcela, ou edificación existente, de ser o caso.
10. Nos casos de ampliación, copia da licenza anterior.

### O Cidadá debe saber

A solicitude debe presentarse en modelo normalizado

### Prezo

TAXA POLA LICENZA: 0,2% do orzamento da obra  
ICO: 2,8 % do custo de execución material da construción, instalación ou obra.  
Carteis de propaganda na vía pública: 30,05 euros por m2 ou fracción da superficie.

### Solicítase e preséntase

**Oficinas municipais: Rexistro Xeral**  
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª Planta  
36880 A CAÑIZA (Pontevedra)

### Formularios. Cómpre imprimilos e cubrilos por duplicado.

- *Obra maior ( ver modelo en sección de [trámites](#))*

